



# Propostas das Profesións Colexiadas para a reconstrución de Galicia ante a pandemia da Covid19



# Propostas das Profesións Colexiadas para a reconstrución de Galicia ante a pandemia da Covid19

Unha publicación de:





# Índice

Unión Profesional de Galicia, unha ferramenta útil para axudar a combater a pandemia.

**Que é Unión Profesional de Galicia?..... 7**

Propostas de Unión Profesional de Galicia para a reconstrución económica, sanitaria e social de Galicia ante a Covid19.

**Presentación do presidente de Unión Profesional de Galicia..... 8**

O compromiso das profesións radica en responder aos retos da Covid19 desde a excelencia, achegando experiencia e coñecemento.

**Introdución..... 10**

**Medidas económicas ..... 13**

Comité de expertos ..... 15

Administración Pública..... 16

Fiscalidade..... 17

Laboral ..... 17

Formación ..... 18

Concursal..... 19

Vivenda e contorna ..... 19

Sectores profesionais..... 20

**Medidas sanitarias ..... 21**

Contorna segura..... 22

Profesionais e saúde..... 23

Pacientes e secuelas ..... 24

**Medidas sociais ..... 25**

Accións para o benestar..... 25

Espazos libres de Covid19 ..... 26

Hábitos saudables ..... 28

**Medidas de Innovación ..... 28**

**Obxectivos de Desenvolvemento Sostible..... 29**

**Colexios Profesionais integrados en Unión Profesional de Galicia ..... 31**



## **UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA, UNHA FERRAMENTA ÚTIL PARA AXUDAR A COMBATER A PANDEMIA**

### **Que é Unión Profesional de Galicia?**

Unión Profesional de Galicia é unha asociación colexial que representa corenta colexios profesionais, unha trintena de profesións diferentes e preto de 70.000 profesionais que exercen en toda a comunidade autónoma de Galicia. A entidade supera xa os vinte e cinco anos de vida. A súa Comisión Xestora naceu en 1993. E a presentación oficial de Unión Profesional de Galicia celebrouse o 28 de xuño de 1995 en Santiago de Compostela.

Os Colexios Profesionais agrupan e representan os profesionais que exercen en estruturas democraticamente constituídas, institucións de dereito público recoñecidas na Constitución Española. Contan cun carácter singular e forman parte do que se veu denominar corpos intermedios da sociedade. Os Colexios Profesionais, do mesmo xeito que Unión Profesional de Galicia, son independentes e autónomos, e buscan o ben común.

Unión Profesional de Galicia, no seu cuarto de século de vida, persegue o único obxectivo de ser unha ferramenta útil para a sociedade, para a contorna social en que se move, en que se desenvolve, en que traballan os Colexios Profesionais que a integran e os seus profesionais colexiados.

Esta iniciativa que aquí se presenta recolle as ideas dos entes colexiais agrupados arredor de Unión Profesional de Galicia para combater a pandemia e cumpre un dos fins específicos da propia asociación: “Facilitar un labor de orientación social apoiada nos coñecementos técnicos das respectivas profesións”. Unión Profesional de Galicia ponse a disposición da sociedade galega para traballar na pronta recuperación, na procura dunha saída a unha inesperada e incerta crise económica, sanitaria e social.

## **PROPOSTAS DE UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA PARA A RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICA, SANITARIA E SOCIAL DE GALICIA ANTE A COVID19**

### **Presentación do presidente de Unión Profesional de Galicia**

Unión Profesional de Galicia, co único ánimo de colaborar na construción da Galicia do futuro máis próximo, presenta esta publicación que ordena e recompila as propostas das profesións que integran os seus Colexios Profesionais socios para a reconstrución económica, sanitaria e social da nosa comunidade autónoma tras vivir e seguir vivindo o impacto da pandemia da Covid19.

Moitos dos nosos Colexios Profesionais e os seus Consellos Xerais xa deseñaron e expuxeron unha serie de ideas, sempre desde a óptica de cada profesión, que poidan axudar á nosa sociedade e ser un estímulo para unha pronta volta á case normalidade tras a incidencia sobre a poboación do coronavirus, enfermidade coa que teremos que convivir nos tempos vindeiros.

A pandemia marcou un antes e un despois, nada volverá ser como antes, atopámonos ante un novo escenario económico. As necesidades do mercado están cambiando e as empresas deberán adaptarse á nova realidade económica, social e industrial. E para mantense no mercado e seren competitivas, demandarán perfís laborais de alta cualificación. A formación e a especialización serán o eixe central do novo contorno laboral.

É o momento da acción. Desde a nosa asociación debemos tamén cultivar as relacións e fomentar o diálogo entre o sector profesional. Os profesionais debemos coordinar os nosos esforzos e organizarnos de forma máis efectiva desde a colaboración, porque o noso fin último radica na defensa dos servizos prestados aos cidadáns e na puxanza do crédito do bo profesional. As circunstancias xeradas arredor da pandemia da Covid19 fannos pensar que quizais precisemos máis sociedade civil e menos estruturas de Estado.

Unión Profesional de Galicia solicitoulles aos seus Colexios Profesionais socios que elaborasen un breve documento con tres tipos de propostas: sanitarias, sociais e económicas. E sempre desde o punto de vista ou criterio do ámbito profesional representado polo Colexio Profesional en cuestión e desde unha visión global. As propostas, tendo como referencia de acción a nosa Comunidade



Autónoma, están expostas desde a racionalidade e a viabilidade. E son expostas de forma esquemática, clara e comprensible.

Unha vez recibidas e clasificadas as propostas, achegas e suxestións, estas foron incluídas neste documento que leva por título ***Propostas das Profesións Colexiadas para a reconstrución de Galicia ante a Covid19.***

É, en definitiva, unha achega conxunta e independente das profesións colexiadas de Galicia desde a enriquecedora visión dos diferentes ámbitos de actuación profesional que integran os entes colexiais socios de Unión Profesional de Galicia.

Poñemos a disposición da sociedade galega o coñecemento desinteresado dos profesionais integrados nos nosos Colexios Profesionais, motor intelectual da nosa sociedade galega para unha pronta e sólida recuperación sanitaria, social e económica de Galicia.

*Antonio Macho Senra  
Presidente de Unión Profesional de Galicia  
Decembro, 2020*

## O COMPROMISO DAS PROFESÍONS RADICA EN RESPONDER OS RETOS DA COVID19 DESDE A EXCELENCIA, ACHEGANDO EXPERIENCIA E COÑECEMENTOS

### Introdución

As profesíons e os seus profesionais xogaron e seguen desempeñando un papel estratéxico durante a crise xerada polo impacto do virus SARS-CoV-2 e a enfermidade Covid19 na poboación galega, no noso sistema de saúde, na nosa rede de asistencia social, na nosa economía, na nosa contorna, nas nosas vidas, no noso día a día. A sociedade galega xa percibe os nosos profesionais como fundamentais, como esenciais, como imprescindibles. Cada profesión universitaria colexiada, boa parte delas representadas en Unión Profesional de Galicia, despregou desde o 14 de marzo de 2020 as súas capacidades e coñecementos para achegar enfoques, solucións e colaboración para tratar de superar unha situación xamais imaxinada.

As profesíons, os seus profesionais e as súas institucións colexiais asumiron desde un inicio un protagonismo que nunca pretenderon e convertéronse sen buscalo en factor relevante para o curso da crise. O coñecemento, a experiencia e as capacidades científicas, técnicas e de xestión foron fundamentais para abordar unha situación da que ninguén nada sabía, á que ninguén antes se enfrontou e á que teremos que seguir facéndolle fronte durante os próximos meses e quizais tamén durante os próximos anos.

As institucións colexiais, admitámolo, fomos, somos e seremos un referente nesta crise da Covid19. Escoitarnos, poñer atención ao que dicimos, valorar nosas fundadas e argumentadas opinións vólvese ineludible.

Durante o convulso ano 2020, un exercicio que pola chegada dun virus implacable e mortal xerou entre a nosa sociedade caos e incerteza, a poboación galega buscou referentes que achegasen lucidez. E aí estabamos os profesionais, estamos e seguiremos estando as profesíons colexiadas galegas achegando os nosos coñecementos e experiencia. Co noso coñecemento tratamos de xerar certeza, de sementar o sentidíño, de achegar solucións argumentadas en feitos científicos, en realidades que poidan corroborarse.

Antes e agora as nosas actuacións, as nosas valoracións, os nosos criterios móvense a partir de fundamentos científicos e da formación adquirida nos centros universitarios, especialmente de Galicia, na experiencia profesional e práctica diaria e nese contacto directo con usuarios, clientes ou pacientes. Sabemos que a

achega de criterio profesional é sempre en beneficio da seguridade e dos bens e dereitos cidadáns.

As profesións colexiadas, e en consecuencia os seus Colexios Profesionais, son corporacións de dereito público. Pero que significa isto? Os entes colexiais teñen atribuídas por lei funcións públicas e asumen e desempeñan tamén funcións privadas.

Os Colexios Profesionais velamos pola protección dos dereitos dos consumidores e usuarios e, ao mesmo tempo, defendemos os intereses da profesión. As nosas institucións poden considerarse Administracións Públicas porque, desde a súa natureza público-privada, exercen funcións públicas que o lexislador lles asigna. O artigo 36 da Constitución Española sinala que *a lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e o exercicio das profesións tituladas; a estrutura interna e o funcionamento dos Colexios deberá ser democrática.*

A lei, segundo o visto, atribúe aos Colexios Profesionais funcións públicas. En certos ámbitos o seu exercicio goza dunha autonomía que pode e debe exercerse despregando esas funcións en toda a súa plenitude. Os Colexios Profesionais, tamén desde a súa independencia á marxe de criterios ocasionais, están obrigados a levar adiante a súa misión de acordo coas circunstancias e sen depender da actuación dos poderes públicos, aínda que si baixo a premisa da coordinación. A Covid19, ao noso pesar, puxo en valor as institucións colexiais, asignoulles maior presenza e protagonismo na sociedade e identificounas como estratéxicas.

A Organización de Nacións Unidas xa estableceu unha liña para a recuperación, mesmo antes de que a pandemia puidese darse por superada. E o noso futuro máis próximo debe basearse na coordinación e cooperación; minimizar o impacto sanitario, social e económico e estimular a rápida recuperación. Neste contexto cobran sentido as achegas que poidamos facer os Colexios Profesionais de Galicia.

É momento, a xuízo de Unión Profesional de Galicia, de avaliar recursos e poñer en marcha estratexias para abordar con sólidas garantías a superación dunha crise sen precedentes para unha rápida volta á case normalidade. Tamén é hora de poñer en marcha as bases dun plan ante posibles situacións semellantes.

Desde a nosa asociación somos conscientes de que a nova normalidade á que pronto nos enfrontaremos será un escenario onde estarán presentes a incerteza, a inestabilidade e as dificultades. O compromiso dos profesionais de Galicia radica en responder aos novos retos desde a excelencia, achegando experiencia e coñecementos. As nosas respostas están baseadas nos valores que guían o exercicio do labor profesional, exercida neste caso nunhas circunstancias extraordinarias e sempre cumprindo escrupulosamente a deontoloxía profesional.

Unión Profesional de Galicia e a familia que a integra están comprometidas na reconstrución da nosa contorna tras o paso polas nosas vidas da Covid19. As nosas portas tamén están abertas a todos os que desinteresadamente queiran sumarse ao proxecto de engraxar e poñer de novo en marcha o motor económico e social dunha sociedade que aínda está en estado de *shock*.

Desde a ética, o compromiso e o bo facer das profesionais liberais, motor intelectual da sociedade civil, daremos o mellor de nós mesmos para volver máis pronto que tarde a unha nova normalidade o máis parecida posible á que viviamos antes do 14 de marzo de 2020.

As propostas de Unión Profesional de Galicia para a recuperación e reactivación de Galicia agrúpanse nos seguintes campos e áreas de actividade: [Medidas Económicas](#), [Medidas Sanitarias](#), [Medidas Sociais](#), [Medidas de Innovación](#); sen esquecermos do noso compromiso coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

## MEDIDAS ECONÓMICAS

A crise sanitaria xerada pola pandemia da Covid19 trae tamén unha crise económica de dimensións aínda por determinar. O impacto será profundo, de calado en destrución de empresas e emprego, en axuste á baixa de actividade económica. O impacto do coronavirus destruíu 622.000 empregos en 2020, segundo datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Os Orzamentos Xerais do Estado de 2021 reflicten unha caída do Produto Interior Bruto (PIB) do 11,2 por cento para 2020. E un crecemento do 9,8 por cento en 2021. Pero esas previsións parecen xa quedar obsoletas. Algunhas entidades prognostican que en 2020 a caída do PIB mesmo superará o 12 por cento.

A Fundación das Caixas de Aforros (FUNCAS) cre que o PIB caerá un 12 por cento no ano da pandemia. As previsións para 2021 son máis optimistas, pero non tanto como nun principio pensáramos. A mesma institución das entidades de aforro apunta que a economía avanzará ese ano un 6,7 por cento.

O Banco de España augura, no seu informe de decembro de 2020, que a caída do PIB no ano que xa finalizou podería chegar ata un 11,6 por cento e que en 2021 a economía crecerá entre o 4,2 por cento e o 8,6 por cento. Xa en 2022, o PIB español avanzará entre o 3,9 por cento e o 4,8 por cento. Así mesmo, prevé que a economía volverá a metade de 2023 a unha situación similar á que viviamos antes da chegada da pandemia da Covid19.

A entidade financeira BBVA, por exemplo, augura unha caída do 11 por cento para 2020 e un crecemento do 6 por cento para 2021.

As previsións do Fondo Monetario Internacional (FMI), da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e da Comisión Europea son similares: a caída en 2021 estará entre o 11 por cento e o 12,4 por cento e a repunta de 2021 situarase entre o 5 por cento e o 7,4 por cento.

### **Previsións de crecemento do PIB de España**

#### **Banco de España**

2020: Entre -10,7% e -11,6%

2021: Entre 4,2% e 8,2%

2022: Entre 3,9% e 4,8%

### **Fundación Caixas de Aforro (FUNCAS)**

2020: -12%

2021: 6,7%

2022: 6,2%

### **Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF)**

2020: Entre -10,1% e -12,4%

### **BBVA**

2020: -11%

2021: 6%

### **Fondo Monetario Internacional (FMI)**

2020: -12%

2021: 7,2%

2022: 4,5%

2023: 3,4%

2024: 2,8%

2025: 1,5%

### **Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE)**

2020: -11,6%

2021: 5%

2022: 4%

### **Comisión Europea**

2020: -12,4%

2021: 5,4%

2022: 4,8%

Os profesionais, nunha gran maioría vinculados a pequenas e medianas empresas e ao emprego por conta propia, viven nas súas previsións, nas súas estimacións de futuro o golpe xerado pola epidemia do coronavirus.

A decisión de suspender a actividade económica durante o estado de alarma, para conter os efectos da pandemia, deixa un regueiro de negativas consecuencias económicas e sociais que continúan acentuándose coas restricións impostas para poñerlles freo ás sucesivas ondas da epidemia.

Os indicadores da crise economía de Galicia tamén se están resentindo. Pero o impacto dunha crise sen precedentes será en Galicia menor que no resto do Estado. É o que prognostican a maioría de expertos.

A comunidade cae menos que o resto de autonomías cando as crises golpean e tamén crece con menor forza en épocas de bonanza. A Xunta de Galicia espera

que a economía da comunidade galega finalice 2020 cunha contracción do 9,7 por cento do PIB, sen chegar a números de dúas cifras. O avance prognosticado para 2021 polo Goberno galego será do 8 por cento.

A Fundación das Caixas de Aforros tamén analiza o PIB galego. Segundo as súas estimacións, Galicia contraerá un 11,1 por cento no ano da pandemia. En 2021 comezará a chegar a luz, co crecemento do PIB galego do 6 por cento.

Esperemos que en 2021, como parecen confirmar os prognósticos, comece a albiscarse unha luz ao final do túnel.

E perante este previsible escenario de lenta pero progresiva recuperación, Unión Profesional de Galicia quere presentar diferentes propostas expostas co propósito de axudar á reconstrución da deterioración económica, sanitario e social que a pandemia trouxo ás nosas vidas. Pretendemos que non sirvan de panxoliñas ou parches pasaxeiros. O obxectivo de todas estas propostas radica na súa utilidade nun escenario de recuperación para o medio e o longo prazo.

As accións destinadas para a saída da crise tras o impacto da pandemia deben mellorar e reforzar o tecido empresarial, facilitar a creación de empresas, recortar os trámites administrativos, implementar incentivos fiscais, poñer en marcha programas para xerar emprego de calidade, conectar a oferta educativa coa demanda do mercado de traballo, propiciar a reconstrución do parque inmobiliario ou incrementar a contía da dotación nos orzamentos públicos destinada á I+D+i, entre outras.

### **Comité de expertos**

Unión Profesional de Galicia, os seus corenta Colexios Profesionais membros e os profesionais de todos estes entes póñense ao servizo da sociedade galega e das Administracións Públicas para traballar na recuperación e reactivación nos ámbitos económico, sanitario e social da comunidade autónoma galega.

A asociación de Colexios Profesionais propón a creación e posta en marcha dun Comité de Expertos Profesionais para asesorar o Goberno autonómico sobre a estratexia para a saída da crise xerada pola Covid19. Unión Profesional de Galicia, con profesionais que exercen nunha trintena de ámbitos profesionais vinculados á economía, a sanidade, o mundo xurídico, o científico-técnico, as enxeñerías, a arquitectura, a educación ou a contorna social ofrece ás Administracións Públicas unha visión global e multidisciplinar da contorna. Poñemos a disposición a rede colexial como espazo de coñecemento da realidade profesional e ámbito de diálogo especializado para achegar solucións transversais e coordinadas.

## Administración Pública

As Administracións Públicas deseñan as estratexias para facer fronte á pandemia mentres non chega a inmunización colectiva e, ao mesmo tempo, toman medidas para minorar o impacto da Covid19. Faise necesario un proxecto sólido e consensado para impulsar os sectores cruce da economía de Galicia. Unión Profesional de Galicia, como interlocutor das profesións e os profesionais da comunidade autónoma, quere intervir e achegar no deseño dese proxecto para relanzar as diferentes actividades sectoriais. Desexa participar na definición dun plan de investimentos, na redefinición do modelo industrial que debe seguir Galicia ou en como racionalizar o gasto corrente. Para estes temas e outros máis se fai necesaria a negociación de grandes encontros e pactos políticos e sociais.

Os Colexios Profesionais de Galicia reivindicamos o seu protagonismo neste futuro marco de negociacións. E propoñen as seguintes medidas:

1. Reclamar das Administracións Públicas, preferentemente da autonómica, un Plan de Reactivación Económica no que participen, colaboren e acheguen os diferentes Colexios Profesionais de Galicia.
2. Executar de forma efectiva o cento por cento do investimento orzamentado polas diferentes Administracións Públicas.
3. Deseñar mecanismos áxiles para a conversión de créditos non executados.
4. Impulsar desde as Administracións Públicas acordos coas entidades financeiras para facilitar aos profesionais o acceso a fontes de financiamento necesarias para manter e reactivar a economía.
5. Axilizar desde a Administración Pública os trámites para a creación de empresas.
6. Incrementar as liñas do Instituto de Crédito Oficial (ICO) para pemes e profesionais.
7. Refinanciar préstamos outorgados polo ICO, destinados fundamentalmente ao mantemento do emprego e equipamentos.
8. Eliminar o sistema de cita previa na Administración autonómica. E a posta en marcha dun protocolo de actuación de uso obrigatorio de máscaras, distancia social e establecemento de sistemas de ventilación.



## Fiscalidade

Unión Profesional de Galicia considera que é o momento de combater a fraude fiscal e a economía somerxida por parte das Administracións Públicas. Esta estratexia evitaría un desaconsellable incremento da presión fiscal en época de crise.

É tamén esencial a procura dunha harmonización fiscal entre territorios que evite a discriminación impositiva dunhas empresas fronte a outras, dunhas iniciativas fronte a outras.

A política tributaria dos diferentes Gobernos, mesmo da Administración local, debe, a xuízo de Unión Profesional de Galicia, apostar por salvagardar o tecido empresarial, incentivar o investimento privado e animar a creación de novos proxectos empresariais. Algunha das medidas propostas en materia fiscal son:

1. Rebaixar a carga fiscal e implementar axudas a profesionais autónomos para o pago de aluguer de locais, pago de cotas á Seguridade Social e exención de impostos locais e autonómicos. Suspender temporalmente e sen penalización certos contratos de subministracións.
2. Modificar os criterios fiscais aplicados aos profesionais autónomos mentres dure o impacto da pandemia.
3. Adiar o cobro de impostos a profesionais autónomos e empresas para paliar a falta de liquidez.
4. Suspender o calendario fiscal e adaptalo ás circunstancias sanitarias derivadas da Covid19.
5. Rebaixar os impostos que gravan as actividades físico-deportivas: dedución autonómica de gastos por servizos deportivos e establecemento de incentivos ás empresas que faciliten a realización de exercicio físico saudable durante o horario laboral.
6. Poñer en marcha incentivos fiscais para potenciar o teletraballo.

## Laboral

Unión Profesional de Galicia propón deseñar, a través da negociación cos diferentes actores, un Pacto por un Emprego de Calidade en Galicia dos titulados universitarios. Quen debe estar nesa mesa? A esa Mesa polo Futuro do Emprego dos titulados universitarios deberían sentar a Administración, como órgano impulsor das políticas industriais, económicas e laborais; a Empresa, a través da

súa organización representativa, clave na xeración de emprego cualificado; os Colexios Profesionais, coñecedores tanto dos requisitos e esixencias necesarias para xerar produtos e servizos competitivos e de calidade como pola forma de encaixar o binomio titulados-mercado laboral; e a Universidade, encargada de formar os nosos mozos de tal maneira que a adquisición de coñecementos lles permita adquirir as competencias requiridas, para a súa incorporación ao ecosistema produtivo.

A nosa asociación ten claro que os profesionais deben participar no deseño do futuro profesional das novas xeracións. E entende que alcanzar un gran pacto neste sentido axudaría a acurtar o camiño de saída á crise.

Unión Profesional de Galicia tamén propón a necesidade de chegar a un acordo entre Administración autonómica, tecido empresarial e Colexios Profesionais para evitar, na medida do posible, a saída ao exterior das xeracións mellor formadas da nosa historia recente. Porque non se pode dilapidar o investimento público dedicado á formación dun titulado universitario. A estrutura das empresas galegas necesita man de obra cualificada.

A existencia dunha institución colexial que xestione, regule e avale, fronte aos cidadáns e os poderes públicos, os coñecementos, formación e experiencia dos seus profesionais ofrece plena fiabilidade destes ante a sociedade. Unión Profesional de Galicia e os seus Colexios Profesionais asociados apostan por lograr unha efectiva inserción laboral, dar resposta ás demandas para que a través duns servizos de calidade, incluída a formación, os profesionais poidan sentirse na vangarda da súa profesión e seren laboralmente competitivos.

Por outra banda, os Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) son un dos cabalos de batalla da crise da Covid19. Unión Profesional de Galicia cre que é urxente que os pagamentos a traballadores afectados por ERTE sexan áxiles e efectivos, de igual xeito que as axudas aos profesionais autónomos por cesamento de actividade. Así mesmo, solicitamos que se xestionen novas prórrogas para os Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE).

No ámbito dos profesionais universitarios existe unha elevada proporción de autónomos con persoal asalariado. En moitas profesións o descenso da actividade está a superar o 35 por cento.

## **Formación**

Investir en formación é garantir un futuro mellor. Un capital humano formado implica contar con empresas máis competitivas e produtivas que á súa vez xeran emprego de calidade e maior benestar.

Desde Unión Profesional de Galicia apóstase por conectar a oferta das Universidades galegas coa demanda do tecido produtivo. É fundamental evitar que os mozos acabados de formar con capital público, nos nosos centros universitarios, teñan que buscar alternativas laborais alén das nosas fronteiras.

É por iso polo que propoñemos as seguintes accións:

1. Conectar a oferta formativa universitaria coa demanda laboral das empresas, en liña coa proposta de Pacto por un Emprgeo de Calidade en Galicia.
2. Impulsar a través de axudas a dixitalización e o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas que permitan a posta ao día dos profesionais.
3. Incrementar o investimento en educación, tanto no ensino secundario e a formación profesional como na universidade.

## Concursal

A pandemia da Covid19 está a incrementar o traballo nos xulgados de Galicia e, en consecuencia, medra a saturación na Administración de Xustiza. Quizais sexa o momento de apostar por vías como a mediación xudicial en todo tipo de procedementos e sectores e en calquera ámbito da vida das empresas e as persoas.

Unión Profesional de Galicia proponlle á Administración autonómica fomentar a mediación para a resolución extraxudicial de conflitos, e neste sentido a nosa institución préstase a ser a aglutinadora dos profesionais da mediación en Galicia.

## Vivenda e contorna

A vivenda cobrou protagonismo na crise da Covid19. Converteuse durante meses no centro da vida das persoas. Todo xirou ao redor da vivenda, que desenvolveu tamén o papel de lugar de traballo, de aula, de zona de lecer e de ximnasio.

A Constitución Española recolle o dereito a unha vivenda digna. As actuacións de futuro para unha recuperación deben prestarlle atención á vivenda. E ás cidades e á contorna inmediata das persoas. Unión Profesional expón, entre outras medidas, as seguintes propostas nesta materia:

1. Apostar por un desenvolvemento urbano sustentable.
2. Desenvolver plans de mobilidade sustentables.

3. Crear servizos de transporte de proximidade.
4. Implicar activamente as Administracións Públicas (local, autonómica e central) para incentivar e subvencionar nos edificios e outras construcións de Galicia melloras relacionadas coa accesibilidade, a eficiencia enerxética, a implantación de fontes enerxéticas renovables e a modernización de instalacións.
5. Impulsar accións que eviten a infravivenda e fomenten o acceso a unha vivenda digna.
6. Mellorar a sustentabilidade de todo tipo de construcións.
7. Axilizar, desde as Administracións Públicas, e en especial por parte dos Concellos, o proceso de tramitación de expedientes de obras para implicar e animar os promotores, axentes número un da edificación, na recuperación económica. O visado colexial, neste caso, debe reafirmarse como unha ferramenta efectiva que asegure o control da legalidade e acelere o proceso de concesión de licenzas.
8. Contratación por parte dos Concellos de técnicos para tramitar de forma urxente as licenzas de obra.
9. Impulsar conferencias, congresos ou xornadas coa presenza de técnicos de urbanismo dos Concellos para achegar propostas que sirvan para unificar criterios sobre actuacións que acheguen seguridade xurídica e reduzan os prazos de outorgamento das licenzas de obras.
10. Fomentar políticas de construción de vivenda protexida dirixida ao aluguer.
11. Fomentar as enerxías renovables no ámbito doméstico e de autoconsumo.
12. Investir en proxectos que fomenten a economía circular e a loita contra o cambio climático.
13. Fomentar o consumo de proximidade e de produtos de calidade.

## Sectores profesionais

A pandemia está a influír dunha maneira decisiva na actividade de todas as profesións. Nalgúns casos o impacto está a ser determinante, obrigando a adaptarse e reinventarse en tempo récord. As profesións colexiadas melloran os seus espazos de desenvolvemento e aproveitan o momento decisivo como unha oportunidade. Pero é importante para as profesións colexiadas e os seus profesionais contar con axuda pública para adaptarse á nova realidade.

Unión Profesional de Galicia propón:

1. Incrementar as axudas aos negocios viables de profesionais autónomos para que poidan retomar a súa actividade en condicións similares á situación na que se atopaban con anterioridade ao impacto da Covid19.
2. Fomentar a implantación da dixitalización en todos os ámbitos da actividade económica.
3. Mellorar as liñas de crédito para os usuarios de servizos profesionais.
4. Establecer unha liña de axudas aos centros e negocios afectados polas restricións á súa actividade durante os meses que estiveron, estean ou estarán en vigor as medidas preventivas para loitar contra a pandemia.

### MEDIDAS SANITARIAS

A chegada da Covid19 fai que as medidas sanitarias estean en primeira liña das necesidades para combater a pandemia. Ante diferentes circunstancias son necesarias unhas ou outras medidas, e unha das principais demandas dos Colexios Profesionais vai na dirección de contar con contornas laborais seguras e libres de Covid19.

Tamén reclamamos entidade e protagonismo para as profesións e os profesionais que se reafirmaron como fundamentais durante o novo escenario da pandemia.

Unión Profesional de Galicia entende tamén que a forma máis áxil de superar a crise sanitaria de Galicia é vencer a pandemia. Á espera dos resultados da campaña de vacinación, só podemos confiar nunha adecuada prevención para evitar a expansión da pandemia por Covid19.

Cremos que a toma de decisións das medidas restritivas e preventivas debe contar cun enfoque de emerxencia porque a pandemia é unha emerxencia prolongada no tempo.

Entendemos que a publicación das medidas no Diario Oficial de Galicia non é suficiente. Ao noso xuízo, non contempla o aspecto de sensibilización e de concienciación, de integración dos cambios de condutas e hábitos que require este escenario de emerxencia.

Seguindo as recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS), cremos que é imprescindible que o Goberno de Galicia incorpore profesionais que participen na formulación das medidas preventivas: sendo transparente nas razóns que motivan as restricións; buscando o máximo nivel de xustiza

nas recomendacións e limitacións; sendo consistente nas mensaxes e accións; coordinando as mensaxes de expertos e portavoces; e buscando o previsible e non o impredecible, para implementar criterios obxectivos que dean maior seguridade á poboación galega.

## Contorna segura

Reivindicamos lugares de traballo seguros para atender usuarios, pacientes e clientes. Os profesionais pedímoslles ás Administracións Públicas medios para garantir a oferta dun servizo profesional seguro. Buscamos concienciar a Administración autonómica sobre a necesidade de colaborar cos Colexios e os seus profesionais, á hora de establecer as medidas de protección Covid19 e ofrecer á sociedade a garantía de que as contornas onde traballamos os profesionais son seguros. As medias propostas son:

1. Establecer axudas para que os profesionais poidan manter os seus Equipos de Protección Individual (EPI) tanto para preservar a súa saúde como a dos usuarios dos seus servizos. Na actualidade este gasto está a ser asumido exclusivamente polos profesionais.
2. Definir un protocolo ante a presenza de casos positivos de Covid19 en centros profesionais privados dá atención a usuarios. E asegurar a realización inmediata de PCR e o rastrexo dos contactos para evitar a propagación dun posible gromo.
3. Realizar probas PCR e outras probas de detección da Covid19 a toda a poboación galega. E dotar a centros vinculados a profesións sanitarias dos medios necesarios para realizar probas diagnósticas rápidas.
4. Facilitarlles aos traballadores de profesións de risco un acceso rápido ao sistema público de saúde de Galicia para a realización individual de PCR e establecer cun carácter racional os seus períodos de corentena.
5. Fornecer de forma ininterrompida Equipos de Protección Individual (EPI) aos traballadores dos sectores público e privado e, en especial, aos que están en situación de maior exposición ao coronavirus. Os empresarios tamén deberán estar obrigados a facilitar EPI na cantidade necesaria aos integrantes dos seus cadros de persoal.
6. Rebaixar o IVE para a adquisición de EPI por tratarse de material de primeira necesidade.
7. Asegurar mediante plans estratéxicos o abastecemento de material de protección individual ante as repuntas de casos de Covid19.

## Profesións e saúde

Vivimos nunha sociedade exposta a condicionantes externos. O cambio está presente na nosa contorna e ese cambio acelérase agora coa presenza da Covid19. O escenario que deixa a pandemia sitúa moitas profesións en primeira liña, asígnalles un protagonismo que noutras circunstancias non terían.

En consecuencia, é necesario reestruturar e adaptar os novos escenarios para asignarlles ás profesións vinculadas ao ámbito da saúde, aos seus profesionais e ao traballo que desenvolven un lugar preferente na nova contorna. É necesaria a acción das Administracións Públicas para situarnos ante a nova realidade das profesións.

Unión Profesional de Galicia, sobre este ámbito, propón:

1. Incrementar os mecanismos de colaboración directa dos Colexios Profesionais coa Administración autonómica que permita unha resposta rápida fronte a futuras pandemias e outro tipo de emerxencias.
2. Potenciar a coordinación sociosanitaria e apostar por integrar a valoración do impacto psicosocial que a situación de crise xera sobre as persoas, así como os seus efectos colaterais.
3. Desenvolver un marco de referencia, aplicable no ámbito nacional e autonómico, que recolla as atribucións e competencias dos profesionais sanitarios que permita a autonomía profesional nos sistemas asistencial e sociosanitario dos ámbitos público e privado.
4. Reforzar a conexión entre Sistema Público de Saúde e Servizos Sociais.
5. Actualizar e adaptar os protocolos sanitarios a seguir por parte dos traballadores ante situacións de emerxencia.
6. Atender as necesidades dos profesionais da saúde, particularmente expostos a unha presión psicolóxica extrema nun sistema sanitario sobrecargado.
7. Descentralizar a asistencia psicolóxica, instaurando a figura do psicólogo clínico en Atención Primaria. Así se conseguiría facer realmente accesible a atención psicolóxica para trastornos na saúde mental das persoas que en Galicia están a sufrir como consecuencia dos múltiples estertores desta etapa: perda de familiares, perda de ingresos ou de traballo, restricións de mobilidade, dificultades de conciliación e de coidados, medo ao contaxio, incerteza...
8. Habilitar prazas no Sistema de Saúde Público e poñer en marcha concertos transparentes e rigorosos co sector privado para profesións especializadas, con demanda no ámbito público.

9. Actualizar a carteira de servizos públicos de saúde, incorporando profesións especializadas en atención hospitalaria e en centros de saúde.
10. Dotar de profesionais especialistas as residencias xeriátricas e centros de día, servizos de atención á discapacidade e dependencia ou educación especial para ofrecer unha adecuada asistencia sociosanitaria a toda a poboación.
11. Dotar o ámbito educativo de todo tipo de profesionais especialistas para fomentar a inclusión do alumnado con discapacidade física na contorna educativa e fomentar a educación sanitaria e os hábitos saudables.
12. Contar con profesionais especialistas, incluídos fisioterapeutas, nos servizos hospitalarios que garantan a adecuada atención en casos de intervencións cirúrxicas aprazadas pola pandemia como nos propios doutros servizos.
13. Apostar pola presenza fundamental do Traballo Social nos espazos de urxencias. Esta estratexia profesional facilita a comunicación coas familias e pacientes ata que poidan recuperarse plenamente nos seus domicilios.
14. Fomentar a participación de profesionais en actividades de servizos municipais de saúde e de actividade física e deporte, escolas de saúde ou centros de lecer.
15. Reforzar a acción de profesionais especializados en centros educativos, xeriátricos e penais.
16. Mellorar os sistemas de derivación e interconsulta.

## **Pacientes e secuelas**

Todos os esforzos están centrados agora en combater a pandemia da Covid19. Aí está agora a primeira liña de batalla. En canto dobregásemos os efectos directos do coronavirus, comezaremos a prestar maior atención ás secuelas do SARS-CoV-2. Porque esas secuelas que deixa a enfermidade están a ser e serán o novo obxectivo a combater.

Os Colexios que integran Unión Profesional de Galicia propoñen:

1. Incorporar a diferentes profesionais na valoración das secuelas dos pacientes de Covid19.
2. Reforzar a atención especializada á saúde mental. Aquelas persoas que xa experimentaban problemas de saúde mental, especialmente psicopatoloxías graves, teñen unha maior vulnerabilidade pola pandemia. É preciso ampliar



os recursos humanos que atenden a estas persoas usuarias co fin de que obteñan o tratamento preciso e non se agraven as súas patoloxías.

3. Previr e tratar a patoloxía vocal como consecuencia do uso de máscaras, que afecta á poboación en xeral e a aqueles profesionais que utilizan a voz como ferramenta de traballo.
4. Impulsar campañas de protección da voz e da súa afectación ante posibles secuelas xeradas pola Covid19.
5. Implementar a fisioterapia comunitaria con actividades de control e seguimento de secuelas da Covid19 e de patoloxías prevalentes e con programas de educación sanitaria baseados no exercicio físico terapéutico e na mellora de patróns.

## MEDIDAS SOCIAIS

A pandemia da Covid19 trouxo a Galicia enfermidades e falecementos. Do seu impacto chegou tamén a emerxencia social, que afectou ás capacidades persoais, á seguridade, ás relacións familiares e aos recursos e medios de subsistencia.

A consecuencia da crise da Covid19 os colectivos especialmente vulnerables; como as persoas en risco social, con desemprego sobrevido, soas ou enfermas sen apoio, mulleres vítimas de explotación sexual, mulleres vítimas de violencia de xénero ou menores en situación de vulnerabilidade; atópanse ante situacións de extrema necesidade e precisan dunha atención social urxente e inmediata.

Os profesionais vinculados a Colexios Profesionais de Unión Profesional de Galicia enfocan o seu obxectivo principal en evitar o aumento da fenda social e o grave impacto da crise entre as persoas e colectivos máis vulnerables. Traballan para dar cobertura ás necesidades máis primarias derivadas da pandemia. A acción social debe continuar, deben articularse novas medidas.

### Accións para o benestar

Desde Unión Profesional de Galicia e os seus Colexios Profesionais apóstase por fortalecer o cuarto pilar do estado de benestar, o sistema público de servizos sociais para garantir a toda a cidadanía, independentemente do seu lugar de residencia, o dereito ao Catálogo de Prestacións Básicas de Servizos Sociais a través dunha Lei de Servizos Sociais Básicos do Estado. Entre as medidas propostas están:

1. Implantar programas de intervención social que atendan as situacións de vulnerabilidade que xorden da pandemia (persoas maiores, desemprego, discapacidade, inmigración, xénero...) e que fomenten a cohesión dentro da comunidade e a resiliencia como habilidade para afrontar a adversidade. Especialmente importante é a situación dos centros de maiores, que sufriron a maior letalidade da pandemia. É fundamental que se atenda tanto a persoas usuarias como ao persoal sociosanitario.
2. Promover un plan de atención a longo prazo para persoas maiores baseado nun modelo integrado de servizos e intervencións profesionais.
3. Impulsar propostas de deseños arquitectónicos e fórmulas organizativas e de xestión similares a *quedar na casa*. Desenvolver conceptos de vivenda colaborativa e compartida, así como servizos de proximidade, en función dos diferentes momentos da vida das persoas.
4. Ampliar as axudas sociais de carácter sanitario ás familias de profesionais afectados polas consecuencias da crise económica da Covid19.
5. Atender as necesidades psicolóxicas derivadas da pandemia do alumnado dos centros educativos, así como do equipo docente e non docente. Neste sentido, urxe o deseño de protocolos específicos. É imprescindible que os equipos de orientación dos centros educativos incorporen profesionais para intervenir e atender as necesidades emocionais e psicolóxicas do alumnado.

## Espazos libres de Covid19

Unha das actuacións ten que ver coa calidade do aire interior en espazos pechados, que coa presenza da Covid19 cobra especial importancia. Neste ámbito propoñemos:

1. Instalar medidores de dióxido de carbono nas aulas dos centros educativos de Galicia para determinar de maneira obxectiva en que momento a ventilación se fai necesaria e durante canto tempo se precisa a fin de mellorar a calidade do aire interior. Nin a ventilación natural directa nin o método baseado en medicións de dióxido de carbono son solucións definitivas, pero si contribúen a minorar o risco de contaxio da Covid19. A aplicación desta medida é extensible a outros establecementos como residencias de maiores, centros de saúde, lugares de traballo ou locais de pública concorrencia.
2. Difundir en todos os ámbitos da sociedade a necesidade de concienciación sobre como debe solucionarse o problema de saúde que supón a calidade do aire interior, fundamentalmente en centros educativos, con independencia tamén da situación xerada pola Covid19.

3. Poñer en marcha un plan de actuación específico para mellorar a calidade do aire interior en centros educativos e outras contornas. Esta iniciativa debería incluír actuacións subvencionables como mellora de eficiencia enerxética dos edificios.
4. Confiar no papel de profesionais Colexiados como referentes á hora de avaliar necesidades e deseñar e dimensionar as solucións que garantan a calidade do aire interior de espazos públicos habitables.

## Hábitos saudables

A Covid19 cambiouno todo e tamén está a modificar o noso modo de vida, os nosos horarios, os nosos hábitos, a nosa alimentación. Algunhas das nosas propostas para potenciar hábitos de vida saudables que melloren o noso benestar son:

1. Considerar a práctica de actividades físico-deportivas como unha actividade esencial, establecendo medidas que garantan o acceso de toda a poboación a un dereito fundamental recoñecido. Elaborar, en definitiva, un plan especial de promoción da actividade física e do deporte dirixido a toda a poboación de Galicia.
2. Incrementar o número de instalacións deportivas públicas e a ampliación do seu horario de utilización para facilitarlle o acceso á poboación galega e conseguir que a práctica de actividade físico-deportiva se incorpore ao estilo de vida da poboación de Galicia.
3. Implementar por parte de todas as Administracións Públicas medidas económicas que faciliten o acceso de toda a poboación á práctica de actividades físico-deportivas, entre as que estaría un bono social para as persoas con dificultades económicas.
4. Aumentar o orzamento das distintas Administracións Públicas dedicado a accións sociais para facilitar o acceso ao tratamento e mantemento da saúde bucodental, especialmente entre as clases máis desfavorecidas ou en situación de exclusión social.
5. Impulsar campañas de información e prevención orientadas á poboación para concienciar sobre a importancia do mantemento da hixiene oral e a súa relación coa Covid19.
6. Incluír dentro dos servizos públicos de saúde a práctica do exercicio físico saudable para as persoas que requiran especial atención en razón das súas patoloxías ou circunstancias persoais.

7. Incorporar como obrigatoria dentro dos servizos das residencias socio-sanitarias a práctica do exercicio físico saudable.
8. Poñer en marcha ciclos e campañas de divulgación de saúde itinerantes en todos os municipios de Galicia.

## MEDIDAS DE INNOVACIÓN

Todas as medidas de resposta para facer fronte á crise da Covid19 deben ir acompañadas cunha aposta decidida polo investimento en innovación.

A investigación é factor clave para a loita contra esta pandemia e cobrará relevancia unha vez superada a crise. Un país, unha comunidade autónoma que non aposta pola ciencia, que non inviste en I+D, está a renunciar ao seu futuro.

As Administracións Públicas deben incrementar o orzamento destinado a I+D+i. Debemos dedicar máis recursos e máis atención á investigación, debemos atender as demandas dos nosos centros de innovación e debemos apostar por un tecido produtivo apoiado nestes eixes. Apostar pola innovación permitirá que en situacións sanitarias límite, como a que estamos a vivir agora, teñamos solucións máis áxiles e eficaces e permitirá dar resposta con máis garantías aos retos de futuro.

Unión Profesional de Galicia considera capital este tipo de investimento a través dunha colaboración entre Administración Pública e iniciativa privada, á vez que deben potenciarse os incentivos para as actividades empresariais vinculadas á innovación.

As medidas propostas neste ámbito son:

1. Incentivar a colaboración entre Administración autonómica, as tres Universidades de Galicia, as empresas tecnolóxicas e os profesionais sanitarios na procura de solucións tanto no equipamento, nos medios diagnósticos e, sobre todo, no apoio loxístico dunha futura vacina europea, unida á planificación da súa distribución na comunidade autónoma de Galicia.
2. Crear un órgano oficial estable no que estean representadas a Administración autonómica, as tres Universidades de Galicia, as empresas tecnolóxicas e os profesionais sanitarios e que permita adiantarse á toma de decisións. As súas medidas deberían poder aplicarse de forma áxil a través do poder executivo.
3. Incrementar o investimento en I+D a fin de acadar a media nacional en dous anos: pasar do 0,94 por cento ao 1,24 por cento. E nesta lexislatura, do 1,24

por cento ao 2 por cento, obxectivo especificado na Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2013-2020.

4. Garantir o investimento en investigación aplicada e básica. Sen a unha non existe a outra.
5. Apostar con firmeza polo desenvolvemento en Galicia dun polo biotecnolóxico.
6. Fomentar a cultura científica entre as novas xeracións e a súa inclusión no currículo educativo.
7. Crear no Sistema Público de Saúde a figura de facultativo de investigación.
8. Destinar recursos por parte da Administración autonómica para que equipos multidisciplinares de profesionais investiguen como mellorar a prevención da saúde da poboación galega.

## **OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE**

Os Colexios Profesionais socios de Unión Profesional de Galicia consideran que a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), tamén coñecidos como Obxectivos Mundiais, deben ser un compromiso para as profesións colexiadas de Galicia e para os seus profesionais. O urxente está agora en combater a pandemia da Covid19 e recuperar o pulso económico, sanitario e social da nosa sociedade. Pero un dos obxectivos non se acadará se o outro se deixa de lado.

Unión Profesional de Galicia reafirma o compromiso das profesións colexiadas de Galicia coa sociedade. Día a día os seus profesionais e as corporacións que os representan traballan coa meta de facilitar e ofrecer o acceso universal aos servizos profesionais como garantía dun Estado democrático e de dereito.

A presenza da Covid19 e a loita contra a pandemia fai que as profesións sexan, se cabe, máis imprescindibles para desenvolver e poñer en marcha a folla de ruta fixada nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Porque é compromiso de toda a sociedade e dos profesionais que nela se desenvolven erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todos.

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable adoptáronse por pare de todos os Estados Membros en 2015, como unha chamada universal para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e garantir que todas as persoas gocen de paz e prosperidade para 2030. Eses 193 países adquiriron o 25 de setembro dese ano o compromiso de non deixar a ninguén atrás, de acelerar o progreso para aqueles que estean máis atrasados.

Todo o mundo é necesario para alcanzar estes obxectivos e máis ante esa nova realidade, ante o escenario mundial marcado polos efectos da pandemia da Covid19. É necesario o esforzo, o compromiso, a responsabilidade, a creatividade, o coñecemento, a tecnoloxía e os recursos financeiros de toda a sociedade para conseguir os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

As profesións colexiadas e os seus profesionais teñen nas súas mans a posibilidade de participar, de colaborar e de axudar a alcanzar boa parte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Profesións vinculadas a campos como o xurídico, a economía, a sanidade, a ciencia, a investigación, a docencia, o desenvolvemento social, a enxeñería, a arquitectura ou o transporte son fundamentais, a curto prazo, para buscar solucións para combater os efectos da pandemia da Covid19 na poboación mundial e, máis a medio prazo, para conseguir os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

As profesións representadas a través de Unión Profesional de Galicia traballan para dar solución a múltiples retos que pretenden mellorar a calidade de vida de miles e miles de persoas no mundo. Unha das metas é atopar saída á situación que vivimos a causa do coronavirus. Este obxectivo faranos chegar aos demais obxectivos. Tamén hai outras 17 metas que son urxentes e que teñen unha cita en 2030.

- ODS 1. Fin da pobreza.
- ODS 2. Fame cero.
- ODS 3. Saúde e benestar.
- ODS 4. Educación de calidade.
- ODS 5. Igualdade de xénero.
- ODS 6. Auga limpa e saneamento.
- ODS 7. Enerxía alcanzable e non contaminante.
- ODS 8. Traballo decente e crecemento económico.
- ODS 9. Industria, innovación e infraestrutura.
- ODS 10. Redución das desigualdades.
- ODS 11. Cidades e comunidades sustentables.
- ODS 12. Produción e consumo responsables.
- ODS 13. Acción polo clima.
- ODS 14. Vida submarina.
- ODS 15. Vida de ecosistemas terrestres.
- ODS 16. Paz, xustiza e institucións sólidas.
- ODS 17. Alianzas para lograr os obxectivos.

## **Colexios Profesionais que integran Unión Profesional de Galicia:**

- Avogados  
*A Coruña*
- Administradores de Fincas de Galicia
- Axentes da Propiedade Inmobiliaria  
*A Coruña*
- Arquitectura Técnica  
*A Coruña*  
*Lugo*  
*Ourense*  
*Pontevedra*
- Arquitectos de Galicia
- Biólogos de Galicia
- Deseñadores de Interior / Decoradores de Galicia
- Educación Física, Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia
- Economistas  
*Pontevedra*
- Enfermería  
*A Coruña*
- Farmacéuticos  
*A Coruña*  
*Lugo*  
*Ourense*  
*Pontevedra*
- Fisioterapeutas de Galicia
- Xestores Administrativos de Galicia
- Hixienistas Dentais de Galicia
- Enxeñeiros Industriais de Galicia
- Enxeñería Informática de Galicia
- Enxeñería Técnica en Informática de Galicia
- Enxeñeiros Técnicos Agrícolas  
*A Coruña e Pontevedra*
- Enxeñería Técnica Forestal de Galicia
- Enxeñeiros Técnicos Industriais  
*A Coruña*  
*Lugo*  
*Ourense*  
*Vigo*
- Logopedas de Galicia
- Mariña Mercante
- Notarios de Galicia
- Odontólogos e Estomatólogos  
*A Coruña*  
*Pontevedra e Ourense*
- Protésicos Dentais de Galicia
- Psicoloxía de Galicia
- Químicos de Galicia
- Traballo Social
- Veterinarios  
*A Coruña*  
*Pontevedra*









Unión Profesional de Galicia  
Rúa Banquete de Conxo, 6.  
15706. Santiago de Compostela. A Coruña  
[www.unionprofesionaldegalicia.gal](http://www.unionprofesionaldegalicia.gal)